

Referencia:	2022/2932K
Procedemento::	Expedientes de concesión de subvenciones por concurso
Interesado:	CONCELLO DE RAIRIZ DE VEIGA , CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO , CONCELLO DE RIOS , CONCELLO DE A TEIXEIRA , CONCELLO DE ARNOIA , CONCELLO DE OIMBRA , CONCELLO DE A RUA DE VALDEORRAS , CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS , CONCELLO DE MUIÑOS , CONCELLO DE XINZO DE LIMIA , CONCELLO DE LEIRO , CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA , CONCELLO DE CHANDREXA DE QUEIXA , CONCELLO DE ALLARIZ , CONCELLO DE O CARBALLIÑO , CONCELLO DE MONTEDERRAMO , CONCELLO DE VIANA DO BOLO , CONCELLO DE CASTRO CALDELAS , CONCELLO DE BANDE , CONCELLO DE ENTRIMO , CONCELLO DE PIÑOR , CONCELLO DE PETIN , CONCELLO DE PARADA DE SIL , CONCELLO DE LOBIOS , CONCELLO DE VERIN , CONCELLO DE A VEIGA , CONCELLO DE PORQUEIRA , CONCELLO DE RIBADAVIA
Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (IN-7938)	

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO INORDE POLA QUE SE COMUNICA OS INTERESADOS E SE PUBLICA NA WEB DO INORDE A PROPOSTA PROVISIONAL DE RESOLUCIÓN DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CONCELLOS PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DE PRODUTOS OURENSÁNS CORRESPONDENTES Ó EXERCICIO 2022, E SE CONCEDE TRÁMITE DE AUDIENCIA POR UN PERÍODO DE DEZ (10) DÍAS HÁBILES, A CONTAR DENDE A ÚLTIMA DATA SEXA A DE NOTIFICACIÓN OU DA PUBLICACIÓN.

A Comisión de Valoración do concurso público para a concesión de subvencións a concellos para a realización de accións de promoción de produtos ourensáns correspondentes ó exercicio 2022, cuxas bases e convocatoria foron publicadas no BOP de Ourense número 64, de 19 de marzo de 2022, acadou emitir, en sesión celebrada o día 5 de maio de 2022, proposta de resolución de dito concurso, recollida na acta da mesma asinada polos seus membros.

De conformidade co artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación Provincial e coa base sétima, parágrafos 1, 4, das Bases Reguladoras do Concurso, procede a notificación electrónica

os concellos solicitantes e a publicación na páxina web do Inorde, <http://www.inorde.com>, de dita proposta de resolución, que figura como anexo a esta resolución, concedéndose un trámite de audiencia por un período de dez (10) días hábiles, a contar dende a última data sexa a de notificación ou da publicación, para que os interesados presenten as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional.

ANEXO

Proposta de resolución provisional da Comisión de Valoración do concurso público para a concesión de subvencións a concellos para a realización de accións de promoción de produtos ourensáns correspondentes ó exercicio 2022.

O obxecto da reunión é proceder ó estudo e valoración das solicitudes presentadas no concurso de referencia e á formulación dunha proposta de resolución provisional que será sometida a trámite de audiencia.

Os antecedentes do asunto a tratar son os seguintes:

Primeiramente, o Secretario da Comisión dá conta do informe – proposta dos servizos técnicos do INORDE, de data 3 de maio de 2022, relativo ás solicitudes presentadas e ó resultado da instrución do expediente, nos seguintes termos:

1.- ANTECEDENTES.-

A Comisión Executiva do Inorde, na sesión que tivo lugar o día 11 de marzo de 2022, aprobou a convocatoria do concurso público para concesión de subvencións a concellos para a realización de acción de promoción de produtos ourensáns correspondentes ó exercicio 2022, conforme as bases aprobadas na mesma sesión.

A convocatoria e as bases das subvencións foron comunicadas a Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), publicadas na páxina web do Inorde (<http://www.inorde.com>) e no BOP da provincia de Ourense número 64, de data 19 de marzo de 2022, boletín no que tamén se publicou o extracto da convocatoria e das bases con indicación da referencia da BDNS.

O prazo de presentación de solicitudes finalizou o venres 29 de abril de 2022.

Conforme o artigo 7 apartado 4 da Ordenanza Xeral da Deputación Provincial de Ourense, aplicable as subvencións convocadas e tramitadas polo Inorde da cordo co seu artigo 1, a instrución do procedemento comprenderá a comprobación de que as solicitudes presentadas cumpran cos requisitos esixidos para ser admitidas a trámite na convocatoria, así como a realización do trámite de emenda de deficiencias, e que dita instrución rematará cun informe do xefe da unidade administrativa, no que se proporá a admisión ou inadmisión a trámite das solicitudes, segundo proceda.

A base sétima das Bases do Concurso establece que, a comprobación das solicitudes e instrución do expediente, será realizado polos servizos administrativos do Inorde, os que corresponde a emisión do informe con proposta de admisión e non admisión de solicitudes. Para darlle cumprimento a dito artigo e ás bases reguladoras da convocatoria, procédese á instrución do procedemento de referencia.

En relación coa convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións a concellos para a realización de acción de promoción de produtos ourensáns correspondentes ao exercicio 2022, (BOP nº 64, do 19 de marzo de 2022), presentáronse, dentro do prazo establecido, vinte oito (28) solicitudes.

2.- SOLICITUDES PRESENTADAS.-

Nº solicitude	CONCELLO	PROXECTO
1	RAIRIZ DE VEIGA	CAMISETAS, PAÑOLETAS E XARRAS DA ROMARÍA DA SAINZA
2	VILARIÑO DE CONSO	XXXIII FESTA DO CABRITO
3	RIÓS	XXVII FESTA DA CASTAÑA E DO COGUMELO
4	A TEIXEIRA	FESTA DO VIÑO NOVO 2022
5	ARNOIA	XLIII FESTA DO PEMENTO DE ARNOIA
6	OIMBRA	XXV FESTA DO PEMENTO DE OIMBRA
7	A RÚA	BACOFESTA 2022
8	O BARCO DE VALDEORRAS	PRIMEIRAS XORNADAS DO BOTELO E COCIDO VALDEORRÉS
9	MUIÑÓS	GALO PICA NO PAN – GALO CRIADO DE MANEIRA ARTESANAL – SOPAS DE BURRO CANS(AD)O – BECERRO DO XURÉS O ESPETO

10	XINZO DE LIMIA	FEIRA DA PATACA 2022
11	LEIRO	XXXI FESTA DA VENDIMIA DE LEIRO
12	SAN CISTROBO DE CEA	RUTA DOS FORNOS 2022
13	CHANDREXA DE QUEIXA	XI FESTA GASTRONÓMICA DO CORDEIRO
14	ALLARIZ	CA(M)PAÑA FEITO EN ALLARIZ
15	O CARBALLIÑO	FESTA DO PULPO 2022
16	MONTEDERRAMIO	FESTA DA CARNE 2022
17	VIANA DO BLO	ENTRIODO 2022
18	CASTRO CALDELAS	PROMOCIÓN DE PRODUTOS LOCAIS CALDELAOS
19	BANDE	FESTA DO PEIXE 2022
20	ENTRIMO	XVII FESTA DA EXALTACIÓN DA EMPANADA DE FORQUELLAS E CARNE CACHENA DA SERRA DO QUINXO
21	PIÑOR	V FESTA DOS CALLOS
22	PETIN	RUTA DAS BODEGAS, MAGOSTO E FESTA DA FREBA 2022
23	PARADA DE SIL	IX FESTA DA PISA DA CASTAÑA E FEIRA DE PRODUTOS LOCAIS
24	LOBIOS	XXIII FESTA DOS CALLOS LIMIAIOS
25	VERÍN	XV FEIRA DO DINO (VIÑO) D.O. MONTERREI
26	A VEIGA	ACCIÓN DE PROMOCIÓN E POSTA EN VALOR DE PRODUTOS DE ALTA MONTAÑA DE A VEIGA V
27	PORQUEIRA	XORNADA O NOSO
28	RIBADAVIA	FEIRA DO VIÑO DO RIBEIRO

3.- PROPOSTA DE ADMISIÓN.-

- Proponse a inadmisión a trámite da solicitude presentada polo **Concello de Rairiz de Veiga (1)**, por ser o orzamento da actividade para a cal se solicita a subvención inferior a 6.000,00 euros (base primeira, punto 4).
- En aplicación do disposto na base sétima da convocatoria, proponse a admisión a trámite das seguintes solicitudes:

Nº solicitude	CONCELLO	PROXECTO
2	VILARIÑO DE CONSO	XXXIII FESTA DO CABRITO

3	RIÓS	XXVII FESTA DA CASTAÑA E DO COGUMELO
4	A TEIXEIRA	FESTA DO VIÑO NOVO 2022
5	ARNOIA	XLIII FESTA DO PEMENTO DE ARNOIA
6	OIMBRA	XXV FESTA DO PEMENTO DE OIMBRA
7	A RÚA	BACOFESTA 2022
8	O BARCO DE VALDEORRAS	PRIMEIRAS XORNADAS DO BOTELO E COCIDO VALDEORRÉS
9	MUIÑOS	GALO PICA NO PAN – GALO CRIADO DE MANEIRA ARTESANAL – SOPAS DE BURRO CANS(AD)O – BECERRO DO XURÉS O ESPETO
10	XINZO DE LIMIA	FEIRA DA PATACA 2022
11	LEIRO	XXXI FESTA DA VENDIMIA DE LEIRO
12	SAN CISTROBO DE CEA	RUTA DOS FORNOS 2022
13	CHANDREXA DE QUEIXA	XI FESTA GASTRONÓMICA DO CORDEIRO
14	ALLARIZ	CA(M)PAÑA FEITO EN ALLARIZ
15	O CARBALLIÑO	FESTA DO PULPO 2022
16	MONTEDERRAMIO	FESTA DA CARNE 2022
17	VIANA DO BLO	ENTRIODO 2022
18	CASTRO CALDELAS	PROMOCIÓN DE PRODUTOS LOCAIS CALDELAOS
19	BANDE	FESTA DO PEIXE 2022
20	ENTRIMO	XVII FESTA DA EXALTACIÓN DA EMPANADA DE FORQUELLAS E CARNE CACHENA DA SERRA DO QUINXO
21	PIÑOR	V FESTA DOS CALLOS
22	PETIN	RUTA DAS BODEGAS, MAGOSTO E FESTA DA FREBA 2022
23	PARADA DE SIL	IX FESTA DA PISA DA CASTAÑA E FEIRA DE PRODUTOS LOCAIS
24	LOBIOS	XXIII FESTA DOS CALLOS LIMIAIOS
25	VERÍN	XV FEIRA DO DINO (VIÑO) D.O. MONTERREI
26	A VEIGA	ACCIÓNS DE PROMOCIÓN E POSTA EN VALOR DE PRODUTOS DE ALTA MONTAÑA DE A VEIGA V
27	PORQUEIRA	XORNADA O NOSO
28	RIBADAVIA	FEIRA DO VIÑO DO RIBEIRO

Por unanimidade, a Comisión de Valoración presta conformidade ó informe – proposta transcrito, procedendo a inicia-la valoración dos proxectos admitidos a trámite, correspondentes ós solicitantes relacionados.

Procédese á valoración dos proxectos admitidos a trámite, cuxas regras de valoración contidas nas bases reguladoras da convocatoria son as seguintes:

De conformidade coa base décima das que rexen a convocatoria, *1. Para a concesión das subvencións, así como para a fixación da súa contía, a comisión de valoración terá en conta unicamente o orzamento da actividade, valorándose ata un máximo de 50 puntos, asignándosele a maior puntuación á actividade con maior orzamento, e valorándose o resto de xeito proporcional.*

2. A Comisión de Valoración, en atención ao número de proxectos solicitados, poderá establecer a necesidade de obter unha puntuación mínima para a concesión de subvencións. A dita puntuación mínima será, como máximo, de 20 puntos. Se é o caso, os proxectos que obteñan unha puntuación inferior á mínima establecida pola comisión incluíranse na lista de reserva prevista no último parágrafo da base decimo primeira.

3. Con independencia da súa valoración, en ningún caso se lle concederá a un proxecto unha subvención superior á da contía pedida na solicitude.

4. En todo caso, aplicarase a regra establecida no parágrafo terceiro da base cuarta, así como os límites de financiamento previstos no parágrafo primeiro da dita base, para a asignación da contía das subvencións.

Doutra banda, as bases terceira e cuarta establecen, respectivamente, o seguinte:

Terceira.- Disponibilidades orzamentarias:

O financiamento das subvencións reguladas na presente convocatoria realizarase con cargo á aplicación 42211/ 46200 dos orzamentos do INORDE para o exercicio 2022. A contía total máxima de subvencións susceptibles de concesión ao abeiro desta convocatoria é de cincuenta mil (50.000,00) euros.

Cuarta.- Contía máxima das subvencións:

A contía das subvencións obxecto desta convocatoria consistirá nunha porcentaxe do orzamento dos proxectos seleccionados, podendo acadar, como máximo, o 50% do custo total de cada proxecto para os concellos de máis de 5.000 habitantes e ata o 70% de cada proxecto para os concellos de menos de 5.000 habitantes.

Sen prexuízo do anterior, ningún beneficiario poderá obter, ao abeiro desta convocatoria, subvencións por importe superior a 12.000 €.

No suposto de beneficiarios que obtiveran subvencións para a mesma actividade ao abeiro do concurso convocado pola Deputación Provincial de Ourense para a concesión de subvencións para a organización de actividades culturais e recreativas do exercicio 2022, ou ao abeiro do concurso para a concesión de subvencións para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas correspondentes ao exercicio 2022, a subvención obtida nos devanditos concursos terase en conta para a determinación do límite sinalado no parágrafo anterior, de tal xeito que, no conxunto dos tres concursos, non poderán obterse subvencións por un importe global superior a doce mil (12.000,00) euros, nin, en todo caso, superiores ao importe total da actividade.

Se é o caso, o importe da subvención concedida ao abeiro desta convocatoria reducirase ata alcanzar os límites sinalados”.

En relación co previsto no primeiro parágrafo da base cuarta, respecto o número de habitantes, se consideran os establecidos no padrón aprobado polo Real Decreto 1065/2021, de 30 de novembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ó 1 de xaneiro de 2021, con efectos, conforme o seu artigo 1, dende o 31 de decembro de 2021, en cada un dos municipios españois.

De conformidade co establecido nas bases de referencia, a Comisión, procedeu á valoración das solicitudes presentadas, outorgándolle ó proxecto de maior orzamento 50 puntos, e ó resto de forma directamente proporcional, sen necesidade de asignación dunha puntuación mínima.

En virtude de canto antecede, a Comisión de Valoración, por unanimidade, acorda emitir proposta de resolución provisional do concurso co seguinte contido:

1º) Inadmitir a trámite a solicitude presentada polo Concello de Rairiz de Veiga por non acadar o orzamento da actividade o importe mínimo de seis mil euros (6.000,000 €).

2º) Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ós proxectos seguintes:

concello	puntos de corte	subvención (euros)
Vilariño de Conso	7,03	1.333,26
Ríos	3,06	580,39
A Teixeira	3,64	690,28
Arnoia	5,27	998,52
Ombra	6,24	1.182,42
A Rúa	9,22	1.747,41
O Barco de Valdeorras	5,72	1.084,12
Muiños	6,37	1.207,60
Xinzo de Limia	10,54	1.997,04
Leiro	15,23	2.887,21
S Cristobo de Cea	8,32	1.577,83
Chandrea de Queixa	13,34	2.527,92
Allariz	2,72	515,36
O Carballiño	50,00	9.477,64
Montederramo	14,75	2.795,86
Viana do Bolo	17,23	3.265,23
Castro Caldelas	2,77	524,22
Bande	5,99	1.135,82
Entrimo	5,09	965,24
Piñor	3,07	582,47
Petín	2,84	539,20
Parada de SI	2,82	535,21
Lobios	4,83	915,31
Verín	21,10	3.999,91
A Veiga	5,64	1.069,85
Porqueira	4,68	886,42
Rbadavia	26,26	4.978,26
TOTAIS	263,78	50.000,00



Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico
Deputación Provincial de Ourense

3º) No caso de que, con anterioridade ao vencemento do prazo de xustificación se producisen remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, repartiranse automaticamente entre os demais beneficiarios, aplicando a valoración contida na presente proposta, e sempre que a contía finalmente concedida non supere o importe solicitado nin o límite de doce mil (12.000,00) euros establecidos na base cuarta da convocatoria.